

INTRODUCCIÓN

No momento actual da pandemia da COVID-19 dispoñemos da proba rápida de detección de infección activa (PDIA) por determinación de antíxenos que se pode realizar e obter o resultado no momento da atención sanitaria ao paciente. Trátase dunha técnica sinxela para realizar in situ que se presenta en pequenos kits que conteñen todo o material necesario. Proporciona un diagnóstico rápido (15-20 min) que permite realizar as accións de control de forma inmediata. Hai que ter en conta que do mesmo xeito que a PCR, prodúcense falsos negativos por unha toma de mostra desaxeitada.

INDICACIÓNS:

- A todos os pacientes que sexan trasladados ao hospital, sintomáticos ou asintomáticos.
- Nas asistencia in situ, realizarase ás persoas consideradas coma caso sospeitoso con clínica ≤ 5 días.

Caso sospeitoso:

- calquera persoa cun cadro clínico de infección respiratoria aguda de aparición súbita de calquera gravidade que cursa, entre outros, con febre, tos ou sensación de falta de aire.
- Outros síntomas coma a odinofaxia, anosmia, axeusia, dor muscular, diarrea, dolor torácico ou cefalea, entre outros, poden ser considerados tamén síntomas de sospeita de infección por SARS-CoV-2 segundo criterio clínico. Neste caso haberá que buscar outros signos ou síntomas adicionais para descartar ou confirmar outras patoloxías diferentes de COVID-19.

ALGORITMO DE ACTUACIÓN USVA 061 (ANEXO 1)

1. Persoas que vaian a ser derivadas ao hospital: (sintomáticos ou asintomáticos)

A todas as persoas que vaian a ser trasladadas ao hospital realizarase test de antíxenos.

- Se o test é positivo: entrada polo circuito COVID do hospital de destino.
- Se o test é negativo*: entrada polo circuito que indique o hospital de destino.
*se a persoa ten clínica compatible e síntomas > 6 días o test pode dar negativo e non descarta infección activa, é preciso realizar PCR.

2. Persoas con asistencia in situ: (soamente aos casos sospeitosos)

- Evolución dos síntomas ≤ 5 días: realizar proba rápida de detección de antíxenos de SARS-CoV-2. Sempre que sexa posible realizarase xa no domicilio, para evitar a posible dispersión de aerosois na USVA.
 - Se o resultado é positivo, confírmase o diagnóstico.
 - indicar illamento domiciliario e comunicar instrucións.
 - indicar poñerse en contacto telefonicamente co seu médico/a de Atención Primaria (MAP) .
 - Se o resultado é negativo considérase descartada a infección activa, salvo que haxa unha sospeita clínica-epidemiolóxica alta, co que se procederá da seguinte forma:
 - indicar illamento domiciliario e comunicar instrucións.
 - indicar poñerse en contacto telefonicamente co seu médico/a de Atención Primaria (MAP) .

- Evolución dos síntomas >5 días:
 - indicar illamento domiciliario e comunicar instrucións.
 - indicar poñerse en contacto telefonicamente co seu médico/a de Atención Primaria (MAP) .

INSTRUCCIÓN PARA O CASO DE COVID-19 EN ILLAMENTO NO SEU DOMICILIO

https://www.sergas.es/Saude-publica/Documents/6504/Instruccion_doente_domicilio.pdf

RECOLLIDA DA MOSTRA (ANEXO 2):

- A persoa que recolla a mostra debe levar :

- bata/mono
- FFP2
- luvas
- pantalla facial

Na medida do posible, extraeráse a mostra nun lugar ben ventilado e minimizando ao máximo o número de acompañantes, preferentemente no domicilio do paciente.

NOTIFICACIÓN E REXISTRO DE CASOS DE INFECCIÓN ACTIVA


Rexistro das probas:

É obrigatorio o rexistro do resultado da proba por test rápido de antíxenos.

- Dentro do informe do 061 quedará reflectido no campo "Comentarios de enfermería".
- Unha vez na base rexistrárase en IANUS no laboratorio indicado:
 - se o paciente é trasladado ao hospital: no laboratorio do hospital de destino.
 - se o paciente é alta no domicilio: no laboratorio do hospital de referencia.

Nota: cando se acceda a IANUS dende HAI, unha vez situados no laboratorio específico do hospital, aparecerá como servizo petionario o 061


ANEXO 1. ALGORITMO DE ACTUACIÓN USVA 061



**MAP: médico/a de primaria


ANEXO 2. RECOLLIDA DA MOSTRA

Para a recollida e procesado da mostra utilizarase o sistema Panbio™ COVID-19 Ag Rapid Test Device (Nasopharyngeal), da compañía Abbott, que é unha proba rápida de diagnóstico in vitro para a detección cualitativa do antíxeno do SARS-CoV-2 en mostras de hisopados nasofarínxeos humanos, de individuos que cumpren cos criterios clínicos e/ou epidemiolóxicos da COVID-19.




Materiais subministrados:

- Dispositivos de proba con desecante en bolsa de aluminio individual
- Solución tampón (1 x 9 mL/frasco)
- Tubo de extracción
- Tapas de tubo de extracción
- Hisopo control positivo
- Hisopo control negativo
- Hisopos nasofarínxeos esterilizados para a recolección de mostras
- Pousatubos
- Guía de referencia rápida (nasofarínxea)
- Instrucións de uso




Procedemento da proba

Todos os compoñentes do kit deben estar a unha temperatura entre 15 e 30 °C durante 30 minutos antes da realización da proba.




1. Extraia o dispositivo da proba da bolsa de aluminio e colóqueo sobre unha superficie plana, horizontal e limpa.




2. Sostea o frasco de tampón verticalmente e encha o tubo de extracción con solución tampón ata que flúa ata a liña de enchido do tubo (300 μ L).

Precaución: se a cantidade de tampón é excesiva ou insuficiente, pode producirse un resultado de proba incorrecto.



3. Coloque o tubo de extracción no pousatubos.




4. Incline a cabeza do/da paciente lixeiramente cara atrás entre 45° e 70° para endereitar o paso desde a parte dianteira do nariz.

Nota: baixar a máscara do paciente deixando ao descuberto só as fosas nasais para a toma da mostra.


O hisopo debe alcanzar unha profundidade igual á distancia desde as fosas nasais ata a abertura exterior do oído.

Precaución: se atopa resistencia durante a inserción do hisopo, retíreo e intente inserilo na fosa nasal oposta


Refregue e xire suavemente o hisopo, 3 a 4 veces, déixeo durante varios segundos para que absorba as secrecións.




5. Retire lentamente o hisopo mentres o xira e introdúzao no tubo de extracción. Xire a punta do hisopo na solución tampón dentro do tubo de extracción, empuxando cara á parede do tubo de extracción polo menos 5 veces e logo esprema o hisopo apertando o tubo de extracción cos dedos.



6. Rompa o hisopo no punto de ruptura e peche a tapa do tubo de extracción.




7. Abra a tapa da boquilla de goteo na parte inferior do tubo de extracción.




8. Dispense 5 gotas da mostra extraída de maneira vertical na cunca de mostra (S) do dispositivo. Non manipule nin mova o dispositivo de proba ata que a proba estea completa e lista para ler.

Precaución: as burbullas que se forman no tubo de extracción poden dar lugar a resultados inexactos. Se non pode crear suficientes gotas, isto pode deberse a unha obstrución na boquilla dispensadora. Axite o tubo suavemente para liberar o bloqueo ata que observe a formación de gotas libres.



9. Peche a boquilla e desbote o tubo de extracción que contén o hisopo usado de acordo co protocolo de eliminación de residuos de risco biolóxico.






10. Poña o temporizador. Lea o resultado aos 15 minutos. O resultado invalidase aos 20 minutos.

Desbote o dispositivo usado segundo o protocolo de eliminación de residuos de risco biolóxico.

As mostras clínicas deben ser tratadas como potencialmente infecciosas e considéranse de categoría B, polo que no caso de que se necesite transportalas fóra do centro sanitario ou do domicilio, necesítase tripla embalaxe.

Interpretación da proba

		
<p><u>Resultado negativo:</u> a presenza de só unha liña de control (C) e ningunha liña de proba (T) dentro da ventá de resultados indica un resultado negativo.</p>	<p><u>Resultado positivo:</u> a presenza da liña de proba (T) e a liña de control (C) dentro da ventá de resultados, independentemente da liña que apareza primeiro, indica un resultado positivo. A presenza de calquera liña de proba (T), aínda que sexa débil, indica un resultado positivo.</p>	<p><u>Resultado non válido:</u> se a liña de control (C) non é visible dentro da ventá de resultados despois de realizar a proba, o resultado considérase non válido.</p>
<p>Premendo nas seguintes ligazóns pódese acceder a un vídeo no que se explica a toma e procesado da mostra:</p> <p>https://www.youtube.com/watch?v=8lXgDO2XwPc</p> <p>https://www.globalpointofcare.abbott/es/product-details/panbio-covid-19-ag-antigen-test.html#</p>		

BIBLIOGRAFÍA

1. European Centre for Disease Prevention and Control. Options for the use of rapid antigen tests for COVID-19 in the EU/EEA and the UK. 19 November 2020. ECDC: Stockholm; 2020 Disponible en [Options for the use of rapid antigen tests for COVID-19 in the EU/EEA and the UK \(europa.eu\)](https://ecdc.europa.eu/en/our-work/research-and-development/rapid-antigen-tests)
2. Posicionamento das probas rápidas de antíxenos e recomendacións no seu uso para a detección do Virus SARS-CoV-2. Dirección Xeral de Saúde Pública. Consellería de Sanidade. Xunta de Galicia de 22 de outubro de 2020.
3. Instituto de Salud Carlos III. Informe preliminar sobre estudio de fiabilidad del test rápido de detección de antígeno Panbio Covid-19 Ag de Abbott para el diagnóstico de SARS-CoV-2. Ref: 41FK10. Lotes: 41ADFO12A. 14 de septiembre de 2020.
4. Protocolo de uso das probas rápidas de antíxenos para a detección do virus SARSCoV-2 en Atención Primaria do Servizo Galego de Saúde. Subdirección Xeral de Atención Primaria. Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria. Consellería de Sanidade. Xunta de Galicia de 12 xaneiro de 2021.